

# REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 22 decembro do 2010

## **Asisten:**

**Presidente:** Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

**Secretario:** Muñíz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

López Domínguez, Javier (CC.OO)

Rey Souto, María Teresa (UGT) (*incorpórase as 10,20*)

Pena Pérez, Enrique José (CIG) (*incorpórase ás 10,30*)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO) (*incorpórase ás 10,30*)

## **Non asisten:**

**Vicepresidente:** Ledo Pernas, Félix (CUT)

**Vicesecretario:** Boado Sexto, José Antonio (CUT) (*Non pode acudir por razóns persoais, delega o seu voto en Xosé Manuel Portela Fernández, se achega delegación á acta*).

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Romero Beade, Manuel (USO)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Comezo reunión 9,50.

## **Orde do día:**

- Exame das convocatorias pendentes.
- Composición dos tribunais das convocatorias.

## **Tribunais:**

### **Técnico especialista en mantementos:**

Ríos Barbeito, Manuel  
Suárez Sánchez, José Manuel

### **Informática Grupo I – Técnico superior en informática:**

Titulares:

Barreira Rodríguez, Jesús  
Puente Varela, Jesús Florentino

Suplentes:

Rodriguez Fernandez, Alejandra Maria  
Monteserín Macías, Pedro Manuel

### **Informática Grupo II – Técnico grado medio en informática:**

Titulares:

Rodriguez Fernandez, Alejandra Maria  
Monteserín Macías, Pedro Manuel

Suplentes:

Barreira Rodríguez, Jesús  
Puente Varela, Jesús Florentino

Advertido o erro no nomeamento no **tribunal de Técnico grado medio en normalización lingüística** o substituto da persoa que non corresponde será:

Puente Varela, Jesús Florentino

## Convocatorias:

### **Técnico especialista en actividades culturais.**

Observamos o seguinte:

Onde pon:

Segundo exercicio...

Ao abeiro do que dispón o art. 18 do vixente Convenio Colectivo do PAS laboral da UDC, as persoas aspirantes de promoción interna están exentas de se examinar dos temas correspondentes ao Bloque I. O exercicio consistirá en contestar un cuestionario de 45 preguntas (máis tres de reserva, que só se corruxarán no caso de anulación dalgunha pregunta), con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta. Todas as preguntas terán a mesma puntuación e cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. A duración do exercicio será de sesenta e cinco minutos e a súa valoración será de 0 a 20 puntos e será necesario obter 8 puntos para o superar.

Segundo exercicio...

.

Debe poñer:

Segundo exercicio...

Ao abeiro do que dispón o art. 18 do vixente Convenio Colectivo do PAS laboral da UDC, as persoas aspirantes de promoción interna están exentas de se examinar dos temas correspondentes ao Bloque I. O exercicio consistirá en contestar un cuestionario de 45 preguntas (máis tres de reserva, que só se corruxarán no caso de anulación dalgunha pregunta), con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta. Todas as preguntas terán a mesma puntuación e cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. A duración do exercicio será de setenta e dous minutos e a súa valoración será de 0 a 20 puntos e será necesario obter 8 puntos para o superar.

Tal e como aparece, por exemplo, na convocatoria de técnicos especialistas en informática.

## **Documentalista:**

Falta a base 1.2. As persoas aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberán acreditarlos mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou copias compulsadas.

Base 10.

Onde di: Constituiranse unha listaxe de espera, ao abeiro do disposto no Anexo V do III convenio colectivo.....

Deberá dicir: Constituirase unha listaxe de espera, ao abeiro do disposto no Anexo V, artigo 2.1, do III convenio colectivo...

Na base 11.1 d) “Os aspirantes con discapacidade con igual...” debe dicir: “Os aspirantes con discapacidade igual...”

No apartado Cuarto, onde di: “A presente convocatoria, as súas bases, e cuantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados perante a xurisdición do contencioso administrativa...” debe dicir ...xurisdición contencioso administrativa...

Anexo I. Fase de oposición.

Segundo exercicio.

No Segundo exercicio, falta “de carácter obrigatorio e eliminatorio” e débese engadir ao final: O cuestionario basearase nos Bloques I e II.

Terceiro exercicio.

Onde di: Consistirá na resolución de dous supostos prácticos, que se elixirán de entre catro propostos polo tribunal.

Deberá dicir: Consistirá na resolución de dous supostos prácticos, que se elixirán de entre calquera dos cinco propostos polo tribunal. A distribución dos temas terá en conta o seguinte: dous dos supostos prácticos deberán estar baseados nos temas do Bloque I da parte específica, outros dous deberán ser baseados nos temas do Bloque II da parte específica, e o quinto suposto será a elección do tribunal de entre todos os temas propostos nos bloques I e II da parte específica

**A redacción até agora era deste tipo, se vale haberá que cambiar no temario alternativo Bloque por Módulo.**

**Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio: consistirá na resolución de dous supostos prácticos, que se elixirán de entre cinco propostos polo tribunal dos que, **haberá polo menos dous de cada módulo do Bloque II.** A duración deste exercicio será de 240 minutos. A cualificación do exercicio será de 0 a 40 puntos, e é necesario obter 16 puntos para o superar.**

**Un dos supostos deberá ser desenvolvido nunha das linguas da Comunidade Europea (alemán, francés ou inglés).**

## **Fase de concurso**

Onde di: Ata un máximo de 30 puntos. A antigüidade, a razón de 0,625 puntos, valorarase por mes na mesma categoría e grupo na UDC e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións

Deberá dicir: **A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na mesma categoría e grupo na UDC e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.**

**No anexo IV corrixir minusvalía por discapacidade**

**Proponse o temario alternativo seguinte para documentalista:**

Parte específica

## DOCUMENTALISTA (Grupo II)

---

### TEMARIO ESPECÍFICO

---

#### **Bloque II (ou Módulo I)- A Unión Europea. Os centros de documentación europea**

1. Fundamentos históricos da construción europea. Creación das Comunidades Europeas. As principais etapas do seu desenvolvemento ata o Tratado de Maastricht.
2. A creación polo Tratado de Maastricht da Unión Europea en 1992. Elementos esenciais. A relevancia dos Tratados de Ámsterdam e Niza.
3. A evolución da UE na última década. O Tratado de Lisboa: principais aportacións.
4. Natureza e estrutura da Unión Europea. Principios políticos fundamentais da Unión. A pertenza á Unión, o Estatuto de Estado Membro.
5. O sistema institucional da Unión Europea (I) O Consello Europeo. O Consello de Ministros.
6. O sistema institucional da Unión Europea (II) A Comisión Europea. O Parlamento Europeo.
7. O sistema institucional da Unión Europea (III) O Tribunal de Xustiza e o Tribunal Xeneral. Outras instancias xudiciais.
8. Órganos consultivos e financeiros. O Comité Económico e Social. O Comité das Rexións. O Banco Central Europeo. O Banco Europeo de Inversións.
9. Políticas e accións comunitarias: distinción entre políticas comúns e outras políticas comunitarias.

**10.** Delimitación de competencias entre a Unión Europea e os Estados Membros. O principio de atribución de competencias. Clasificación das competencias. Subsidiariedade Proporcionalidade

**11.** A Unión económica e monetaria e o seu sistema institucional. (O euro e o Banco Central Europeo) Fases e etapas.

**12.** A cohesión económica e social. Obxectivos. Fondo de Cohesión. Fondos estruturais. Fondo Social Europeo

**13.** Dereitos y liberdades na UE. Recoñecemento e protección dos Dereitos fundamentais na UE. A Carta de Dereitos fundamentais. O Estatuto de cidadanía.

**14.** As Redes de Información da Unión Europea no Estado Español. A rede *Europe Direct*. centros *Europe Direct* e Centros de Documentación Europea. O *Team Europa*.

**15.** Os Centros de Documentación Europea: orixe e evolución. O papel da Comisión Europea e da estrutura de acollida.

**16.** Organización e funcionamento dos Centros de Documentación Europea no ámbito universitario.

**17.** a cooperación n rede. O intercambio de boas prácticas como medio para mellorar os servizos. Ferramentas documentais creadas polos CDEs do Estado Español: iniciativas dos distintos centros e proxectos compartidos.

**18.** Servizos de Información e documentación da Representación da Comisión Europea no Estado Español e da Oficina do Parlamento Europeo no Estado Español, funcións que desempeñan. Colaboración con los CDEs.

**19.** A política de información da Unión Europea. Antecedentes e creación. A estratexia Wällstrom.

**20.** Acceso dos cidadáns aos documentos das Institucións. Acceso a documentos internos ou non publicados.

## **Bloque III (ou Módulo II)- A documentación europea e a súa xestión**

### **A. Tipoloxía documental**

**21.** O sistema normativo ca Unión Europea: distinción entre Dereito Primario e Dereito derivado. Actos vinculantes típicos (Regulamentos, Directivas, Decisións) e atípicos; actos non vinculantes (Recomendacións e Ditames)

**22.** Documentación comunitaria. Características xerais.

**23.** Publicacións xerais da UE: Informe anual da Actividade da UE, Boletín da UE. Outras publicacións (Informes Anuais, etc.) A OPOCE (Oficina Europea de Publicacións)

**24.** O diario oficial da Unión Europea (DOUE). A serie L a Serie C. Misión e Contidos.

B. Recuperación da información: pescudas.

**25.** A páxina Europa: estrutura e contido.

**26.** Documentos das Institucións (I): Documentos del Parlamento Europeo e do Consello.

**27.** Documentos das Institucións (II): Documentos da Comisión Europea, do Comité das Rexións e do Comité Económico e social.

**28.** Lexislación e xurisprudencia europea. Bases de datos comunitarias (Eur-Lex, Curia).

C. Xestión da documentación e a información.

**29.** Xestión dos documentos. Clasificación, supervisión e expurgo. Servizo de consulta e préstamo. Campañas de distribución.

**30.** Organización de programas e actividades de divulgación, cooperación con outros Centros e Redes de Información. Formación de usuarios.

## Técnico superior en comunicación

Onde dí:

Resolución do de abril de 2010 pola que se convocan probas selectivas polo sistema de promoción interna para a provisión dunha praza de técnico superior en comunicación vacantes no cadro de persoal laboral da Universidade da Coruña.

Debe decir:

Resolución do de abril de 2010 pola que se convocan probas selectivas polo sistema de promoción interna **e de acceso libre** para a provisión dunha praza de técnico superior en comunicación vacantes no cadro de persoal laboral da Universidade da Coruña.

**Falta a base 1.2.** As persoas aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberán acreditarlos mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou copias compulsadas.

Base 10.

Onde di: Constituiranse unha listaxe de espera, ao abeiro do disposto no Anexo V do III convenio colectivo.....

Deberá dicir: Constituirase unha listaxe de espera, ao abeiro do disposto no Anexo V, **artigo 2.1**, do III convenio colectivo...

Na base 11.1 d) "*Os aspirantes con discapacidade con igual...*" debe dicir: "Os aspirantes **con discapacidade igual...**"

No apartado Cuarto, onde di: "A presente convocatoria, as súas bases, e cuantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados perante a xurisdición do contencioso administrativa..." debe dicir ...xurisdición contencioso administrativa...

Anexo I. Fase de oposición.

Segundo exercicio.

No Segundo exercicio, falta "**de carácter obrigatorio e eliminatorio**" e débese engadir ao final: **O cuestionario basearase nos Bloques I e II.**

1º Parágrafo

Onde di: A duración do exercicio será de cento corenta minutos, e a súa valoración será de 0 a 20 puntos...

Deberá dicir: A duración do exercicio será de **cento cincuenta e cinco minutos**, e a súa valoración será de 0 a 20 puntos...

2º Parágrafo



Onde di: A duración do exercicio será de noventa e cinco minutos, e a súa valoración será de 0 a 20 puntos...

Deberá dicir: A duración do exercicio será de **cento vintecatro minutos**, e a súa valoración será de 0 a 20 puntos...

Terceiro exercicio.

Onde di: A duración deste exercicio será de 210 minutos

Deberá dicir: A duración deste exercicio será de **douscentos corenta minutos**.

Acórdase celebrar a seguinte reunión o día 10 de xaneiro do 2011.

Sen máis incidencias finaliza a sesión ás 12,28.

Comité de Empresa